

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E AS SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA AFIGAL E SOGARPO, POLO QUE SE REGULAMENTA A ACHEGA DO IGAPE Á DOTACION AO FONDO DE PROVISIÓNS TÉCNICAS PARA A PRESTACIÓN DE AVAIS AS PEMES GALEGAS

Dunha parte,

D. María Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, nomeada para dito cargo polo Decreto 67/2023, de 14 de xuño (DOG núm. 113), actuando en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), na súa calidade de Presidenta, en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

De outra parte,

D. Artur Yuste i Tarragó, en representación de Ignacio de las Cuevas, S.A., presidente da entidade Sociedade de Garantía Recíproca da Pequena e Mediana Empresa de Pontevedra e Ourense, SGR (en diante Sogarpo), con poderes suficientes para este acto segundo os poderes outorgados polo Consello de Administración do 22 de marzo de 2018.

D. Manuel Galdo Pérez, presidente da entidade Afianzamentos de Galicia, SGR (en diante, Afigal), con poderes suficientes para este acto, segundo os poderes outorgados polo Consello de Administración do 8 de xuño de 2023.

As partes se recoñecen capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Ademais das atribucións establecidas nos artigos 33 e 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, a Consellería de Economía, Industria e Innovación, en virtude do Decreto 116/2022, do 23 de xuño (DOG núm. 126, do 4 de xullo de 2022), polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de promoción e dinamización económica, entre outras, de acordo co establecido na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril.

O Igape é o ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía, Industria e Innovación para o desenvolvemento económico de Galicia, creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño. O artigo 4 da citada Lei establece que o Igape ten, entre outras funcións, a de promover, fomentar e potenciar as actividades económicas, a prestación dos servizos ás empresas, especialmente ás pemes e, en xeral, apoiar e promover calquera tipo de

actividades que contribúan á mellora do sistema produtivo de Galicia, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

SEGUNDO.- As Sociedades de Garantía Recíproca (en diante, SGR) están reguladas pola Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre o réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca (en diante, Lei 1/1994), e teñen como finalidade facilitar o acceso ao crédito e mellorar as condicións financeiras das pequenas e medianas empresas (en diante, pemes), prestando tamén servizos de asistencia e asesoramento financeiro. A función de facilitar o acceso ao crédito acádase mediante a prestación de avais e outras garantías a favor das pemes que teñan a condición de socios da SGR.

Con domicilio en Galicia existen dúas SGR, Aifigal e Sogarpo, ambas con ámbito territorial de actuación da Comunidade Autónoma galega, aínda que actúan, maioritariamente, nas provincias de A Coruña e Lugo, a primeira, e nas de Ourense e Pontevedra, a segunda. Estas SGR veñen desempeñando, desde a súa creación, un importante papel no tecido empresarial de Galicia, posibilitando o acceso ao crédito ás pemes galegas mediante a prestación de avais ante entidades financeiras, e demostrando gran solvencia e capacidade técnica, aglutinando a maioría das operacións de afianzamento concedidas por SGR en Galicia, en todos os sectores de actividade. Desde a súa creación, Aifigal e Sogarpo teñen avalado aos seus socios partícipes operacións por máis de 2.888 millóns de euros.

As SGR réxense polos seus estatutos, pola Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca, polo Real Decreto 2345/1996, de 8 de novembro, relativo ás normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das SGR, e demais normas complementarias. Son entidades financeiras sen ánimo de lucro, suxeitas á supervisión e inspección do Banco de España.

TERCEIRO.- A Lei 1/1994 estableceu un mecanismo para que os organismos públicos poidan realizar contribucións ás SGR que benefician aos seus socios partícipes, sen pasar a formar parte do capital da sociedade. Este mecanismo é o Fondo de Provisións Técnicas (en diante, FPT), que forma parte do patrimonio neto das SGR. Segundo establece o artigo 9 da referida Lei, o FPT ten como finalidade reforzar a solvencia da SGR, e poderá estar integrado polas dotacións que a propia SGR efectúe con cargo a súa conta de perdas en ganancias e, ademais e entre outras, polas "subvencións, doazóns e outras aportacións non reintegrables que efectúen as Administracións públicas, (...)".

A finalidade do FPT é a cobertura, en primeira instancia, dos requirimentos de pagamento ante a sinistralidade (mora ou falencia) e das reclasificacións de riscos de crédito derivadas da normativa aplicable (risco dubidoso, risco en vixilancia especial...).

CUARTO.- Pola súa función, as SGR están a constituír unha ferramenta eficaz para o acceso ao crédito por parte das pemes.

Durante a anterior crise financeira, as SGR galegas responderon, ante as entidades financeiras, por gran cantidade dos avais e garantías concedidos aos seus socios partícipes (pemes). No ano 2015, a cifra de avais falidos nas SGR galegas aproximouse aos 25 millóns de euros, o que conlevou a necesidade de instrumentar un plan de recapitalización destas entidades, que supuxo unhas achegas extraordinarias de 16 millóns de euros, distribuídas

entre 10 millóns de euros de capital e 6 millóns de euros de aportacións ao FPT, durante o período 2014 – 2016.

Coa chegada da pandemia provocada pola COVID-19 e unha vez declarado o estado de alarma a nivel estatal, a Xunta de Galicia, a través do Igape, puxo en marcha un instrumento para dar resposta ás necesidades de liquidez dos colectivos máis afectados polas medidas de prevención e protección fronte ao coronavirus. Este instrumento materializouse mediante a incorporación dunha nova liña de financiamento ás do convenio Igape – SGR da convocatoria do exercicio 2020, a de “Préstamos avalados para apoiar a pemes e autónomos no contexto do brote de COVID-19”. As necesidades de liquidez nunha situación de actividade económica practicamente paralizada e con altas doses de incerteza, supuxeron a recepción de preto de 5.000 solicitudes de préstamos avalados, por importe de 336 millóns de euros, das que foron aprobadas mais da metade das operacións, con avais por importe de 132 millóns de euros.

Por este motivo, en decembro de 2021 foi asinado un convenio de colaboración entre a entón denominada Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as sociedades de garantía recíproca Afigal e Sogarpo, polo que se regulamentou a achega do Igape á dotación ao Fondo de Provisións técnicas para a prestación de avais ás pemes galegas, desembolsándose unha contía de 2.000.000 euros, dos que 1.309.400 euros aportaranse a Afigal, e 690.600 euros aportaranse a Sogarpo. O reparto entre as dúas SGR foi proporcional ao risco vivo de cada unha á data do 30 de setembro de 2021.

No ano 2022 incorpórase unha nova liña de financiamento ao convenio Igape – SGR, para o financiamento da operativa das empresas máis afectadas polas consecuencias económicas da invasión de Ucraína por Rusia. Tanto a agresión militar, como as medidas adoptadas contra o país invasor, tiveron consecuencias para o tecido produtivo galego, entre outras, en forma de interrupcións nas cadeas de subministración, especialmente de cereais e aceites vexetais, así como de encarecemento dos prezos de fontes de enerxía como a electricidade, o gas ou o petróleo. Por isto, considerouse necesario establecer un mecanismo para que as pemes puidesen financiar a longo prazo os pagos operativos, dispoñer dun fondo de manobra suficiente e financiar, así mesmo, os investimentos necesarios para reducir a dependencia de determinadas materias primas e/ou provedores, así como para mellorar a súa eficiencia enerxética. Nesta convocatoria, as SGR concederon avais por importe de 21,8 millóns de euros.

En 2023 xurdiron novas ameazas para as pemes, derivadas dun forte crecemento da inflación, e un ciclo agresivo de aumento nos tipos de xuro, propiciado polas políticas monetarias a Unión Europea encamiñadas a controlar o incremento dos prezos. Para paliar esta situación, o convenio Igape – SGR incorporou subvencións aos gastos financeiros, incrementándose de xeito moi significativo a demanda de financiamento por parte das pemes galegas. Ata o momento, as SGR concederon avais nesta convocatoria por importe de 50,7 millóns de euros, máis do dobre que na anterior.

Estes factores redundan nunha importante caída dos marxes operativos das Pemes, que comezan a ver afectada a súa capacidade de reembolso das débedas.

Para o ano 2024, espérase unha conxuntura económica máis adversa para a economía galega, con sectores afectados de grande importancia estratéxica e socioeconómica. As SGR deberán xogar un papel moi importante para facilitar o acceso ao crédito das pemes galegas. Nestas circunstancias resulta crucial o fortalecemento dos seus fondos de provisións técnicas, que permitan manter a actual solvencia destas SGR.

Ata o ano 2023, por cada operación concedida ao abeiro do convenio Igape-SGR realizábase unha achega ao fondo de provisións técnicas da correspondente SGR por un importe equivalente ao 5% da operación financeira formalizada. Estas aportacións deixaron de facerse, substituíndose por unha pequena compensación fixa destinada a cubrir os seus custos administrativos. Polo tanto, desde a achega extraordinaria realizada mediante o convenio de 2021 antes mencionado, e as últimas aportacións polas operacións do convenio Igape-SGR da convocatoria 2022, non se realizaron achegas adicionais por parte do Igape a estes fondos de reserva.

Tendo en conta todo o anterior e, adicionalmente, que:

- As pemes representan máis do 95% das empresas e xeran máis do 90% do emprego e, con todo, atópanse con grandes dificultades para acceder ao financiamento adecuado ás súas necesidades, polo que a Xunta de Galicia, a través do Igape, debe instrumentar actuacións encamiñadas a paliar estas dificultades, co fin de favorecer o desenvolvemento do tecido empresarial galego e o mantemento e a creación de emprego.
- As achegas ás SGR teñen un elevado efecto multiplicador. Un estudo elaborado pola Escola de Finanzas Aplicadas –organismo creado por Analistas Financeiros Internacionais (AFI)– para a Confederación Española de Sociedades de Garantía Recíproca (CESGAR), revela que as aportacións públicas ao Sistema de Garantía Recíproca teñen un efecto multiplicador de 12,5, é dicir, por cada 100€ aportados, mobilizaríanse 1.250€ de financiamento ás pemes.

QUINTO.- A Xunta de Galicia e o Igape participan conxuntamente como socios protectores nas ditas SGR desde a súa creación, ostentando, á data da sinatura do presente convenio, o 20% do capital de socios protectores de Afigal e o 24% do capital de socios protectores de Sogarpo.

O Igape e as ditas SGR acadaron unha moi boa experiencia nos convenios que veñen asinando desde o ano 2002, para a habilitación das liñas de microcréditos, liñas de financiamento específicas para emprendedores e proxectos de innovación, Peme Xove, Peme Competitiva, apoio ao sector audiovisual, etc.

Especialmente relevante foi o apoio ao financiamento de circulante, a través dos programas RE-Solve e Resolve+, polos que xuntamente co Igape se apoiou o financiamento de capital circulante nos momentos nos que as entidades de crédito eran máis restritivas e adversas a asumir novos riscos, e nos últimos anos, os programas de Reavais, con distintas liñas de avais para instrumentos de financiamento diferentes e finalidades diversas e, en particular, as liñas postas en marcha pola pandemia pola COVID-19, pola invasión de Ucraína por Rusia, e polo incremento dos custos da enerxía, materias primas e tipos de xuro.

SEXTO.- Non semella posible fomentar a concorrência pública respecto do obxecto do convenio, posto que Sogarpo e Afigal son as SGR con máis representatividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e considérase de interese público, compartido polas partes, incrementar as dotacións ao FPT para garantir o funcionamento das SGR galegas, que actualmente avalan operacións dos seus máis de 20.800 socios. Estas achegas permitirán reforzar os recursos propios das SGR galegas, de xeito que poidan afrontar posibles situacións adversas post pandemia.

Polo anterior, xustifícase o procedemento, en relación co establecido no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como da figura do convenio considerada no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular unha achega da Xunta de Galicia a través do Igape para dotar o Fondo de Provisións Técnicas de Afigal e Sogarpo que teñen como finalidade atender os eventuais falidos das garantías outorgadas polas SGR no exercicio das súas funcións.

SEGUNDA.- ACHEGA DO IGAPE AOS FONDOS DE PROVISIÓNS TÉCNICAS

O Igape desembolsará con cargo á partida 05.A1.741A.7700 dos seus orzamentos para o exercicio 2023, unha contía de 2.500.000,00 euros, dos que 1.546.919,14 euros aportaranse a Afigal, e 953.080,86 euros aportaranse a Sogarpo. O reparto entre as dúas SGR é proporcional ao risco vivo de cada unha á data do 30 de novembro de 2023.

Estas cantidades serán aboadas unha vez que entre en vigor o Convenio.

TERCEIRA.- DESTINO DAS ACHEGAS

As cantidades achegadas deberán ser exclusivamente aplicadas a incrementar o FPT de cada unha das SGR, coa finalidade de atender os posibles falidos e os requirimentos derivados das reclasificacións de riscos de crédito atendendo á normativa aplicable (risco dubidoso, risco en vixilancia especial ...) das pemes galegas avaladas que teñan lugar nos anos vindeiros, reforzar os seus recursos propios e a capacidade destas entidades para continuar prestando avais.

CUARTA.- REMUNERACIÓN DA ACHEGA

As achegas realizadas ao abeiro do presente convenio non estarán remuneradas.

QUINTA.- REEMBOLSO DAS ACHEGAS

As achegas que se integren no FPT das SGR en virtude do presente convenio non serán reintegrables en tanto as SGR cumpran co seu compromiso de continuar posibilitando o acceso ao crédito das pemes mediante a prestación de avais.

SEXTA.- NOVAS ACHEGAS

A Xunta de Galicia e/ou o Igape poderán realizar novas aportacións aos FPT das SGR, a cuxos efectos se deberán de asinar novos convenios diferenciados deste.

SÉTIMA.- OBRIGA DE COLABORACIÓN

As partes comprométense a colaborar estreita e regularmente para levar a bo termo o presente convenio, intercambiando en todo momento a información e documentación necesarias.

A tal fin, Afigal e Sogarpo remitirán ao Igape, con carácter trimestral, información do desenvolvemento do obxecto deste convenio, en particular das operacións aprobadas, importes e falidos.

OITAVA.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

As partes non poderán ceder a súa posición neste convenio nin transferir, substituír nin subrogar os dereitos e obrigas contraídos sen o previo consentimento expreso da outra parte.

NOVENA.- DENUNCIA DO CONVENIO

Será causa suficiente para a denuncia do presente convenio o incumprimento por unha das partes de calquera das súas cláusulas.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para resolver as posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación dos acordos deste convenio se establecerá un diálogo directo entre as partes e poderá constituírse unha Comisión de Seguimento, composta polos seguintes membros:

- Dous representantes do Igape, nomeados pola súa presidenta. Un deles actuará coma presidente da Comisión.
- Un representante de Afigal.
- Un representante de Sogarpo.

Contra as decisións da Comisión de Seguimento non cabe recurso en vía administrativa.

A Comisión de Seguimento funcionará ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMERA.- VIXENCIA E RESOLUCIÓN

Establécese como prazo de vixencia o comprendido entre a data de sinatura do convenio e o 31 de decembro de 2023.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o obxecto do convenio.
- Por imposibilidade de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

De conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía, Industria e Innovación publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización dos asinantes do convenio para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como para a súa cesión por parte de Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía, Industria e Innovación.

As SGR deberán subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento destas obrigas serán as establecidas no artigo 4.4 da citada Lei.

DÉCIMO TERCEIRA.- AUTORIZACIÓNS

As SGR consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, así como poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Este convenio ten natureza administrativa e instrumenta unha axuda pública financeira que se rexerá polo establecido na Lei 1/1994 e polos principios informadores consagrados no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (ou do artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións), en concreto, os principios de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que se puidera suscitar sobre a interpretación, contidos, efectos, vixencia ou execución deste convenio, someténdoo á Comisión de Seguimento prevista na cláusula décima. No caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

E, en proba de conformidade co contido do presente convenio, as partes asinan este documento, o 29 de decembro de 2023.

Polo Igape:

María Jesús Lorenzana Somoza
Presidenta

Por Sogarpo, SGR:

Artur Yuste i Tarragó
Presidente

Por Afigal, SGR:

Manuel Galdo Pérez
Presidente